

A TRANSICIÓN DA DICTADURA Á DEMOCRACIA (1975-1982).

1. O DILEMA DA TRANSICIÓN.

O proceso de transición, desde a dictadura de Franco á consolidación dun sistema democrático, estivo marcado por unha grave tensión en torno ó dilema: continuar coa dictadura sen cambios (**continuismo**), realizar unha transformación gradual da dictadura cara á democracia (**reforma**) ou provocar un cambio revolucionario capaz de acabar coa dictadura franquista e instaurar un sistema democrático (**ruptura**).

Na resolución do dilema continuismo, reforma ou ruptura resultaron claves:

- A toma de postura inicial do rei **Juan Carlos...** o rei fixo un discurso de coroación ambiguo, mesturando referencias á fidelidade ós principios do movemento (para tranquilizar ós continuistas), con referencias á reconciliación, tolerancia, liberdade e recoñecemento das diferencias rexionais (para calmar ós reformistas, nacionalistas, etc)... acabou asinando un indulto parcial de presos políticos sen delitos de sangue (tratando de calmar ós partidarios da ruptura).
- A aposta por **Adolfo Suárez** como presidente do goberno ... o rei aproveita as dificultades do presidente Arias Navarro, para frear os conflitos entre ministros continuistas e reformistas, para marcar distancias con el e acabar por aceptar a súa dimisión... ó rei estorbáballe un falanxista de idade avanzada como Arias Navarro e prefería apostar por un falanxista da súa idade dinámico e audaz, capaz de negociar con todos os grupos políticos e dirixir a transición.
- A oferta reformista do presidente Adolfo Suárez ... o presidente acelerou con audacia os cambios: decretando unha amnistía de presos políticos, propoñendo unha Lei para a Reforma Política e ofertando unhas eleccións xerais libres a cortes constituíntes para xuño de 1977.
- A actitude dos grupos partidarios da ruptura .. inicialmente desconfían da postura de Juan Carlos e Adolfo Suárez e optan por mobilizar á poboación (convocan manifestacións e folgas reclamando amnistía xeral para os presos políticos, legalización de todos os partidos e sindicatos, estatutos de autonomía para as nacionalidades e inmediata convocatoria de eleccións libres)... para lograr máis forza deciden fusionar a Xunta Democrática coa Plataforma de Convergencia Democrática creando unha alianza de liberais, demócratas, socialistas e comunistas co nome de Coordinación Democrática... ante os éxitos de Suárez os rupturistas acabarán admitindo a vía reformista.

2. O ÉXITO DA VÍA REFORMISTA.

Pero, sobre todo, a clave do proceso de transición resultou ser a sorprendente capacidade negociadora e a intuición política de Adolfo Suárez reflectida:

- No atrevemento para manter contactos secretos con Felipe González (PSOE) e con Santiago Carrillo (PCE) como líderes de Coordinación Democrática, á procura de lograr un pacto de apoio ó rei Juan Carlos I e á súa proposta de Reforma Política, a cambio de comprometerse a legalizar todos os partidos políticos e asegurar unhas eleccións realmente libres.
- No acerto na elección do xeneral Gutiérrez Mellado como Ministro de Defensa, encargado de controlar o malestar dos militares coa actitude do rei Juan Carlos I e coa pretensión reformista de Adolfo Suárez.
- Na audacia para presentar o proxecto de lei para a Reforma Política a aprobación dos procuradores das Cortes franquistas... posto que regulaba a convocatoria dunhas eleccións libres democráticas: a aprobación por unha grande maioría dos procuradores (18/11/76) significou a disolución destas cortes e a autorización legal dos representantes do franquismo a apertura democrática... e para sometela a aprobación en referendo da Lei para a Reforma Política (15/12/76), por unha inmensa maioría dos españois, significou o fracaso total dos continuistas (só houbo 2,6 % de votos en contra) e un grande fracaso dos partidarios da ruptura (pedían que a xente se abstivera de votar e participaron na votación o 77% dos españois).
- Na firmeza para lograr convencer definitivamente ós partidarios da ruptura de que a transición pasaba polo apoio á monarquía e á vía reformista... negociou con Felipe González e Santiago Carrillo a amnistía e legalización de partidos para antes das eleccións, a pesar das oleadas de atentados e secuestros... atreveuse a facer desaparecer o Movemento Nacional e recoñecer a liberdade sindical... impuxo por decreto e sorpresa a legalización do Partido Comunista de España... incluso chegou a conceder unha nova amnistía, especialmente para presos relacionados con ETA, para atraer ós propios nacionalistas vascos.
- Na fortaleza para aguantar o impacto negativo dos atentados ...tanto dos grupos fascistas (ataques a librerías, bombas contra as sedes de xornais, matanza de avogados laboristas da rúa Atocha de Madrid, etc), como de ETA (atentaban contra policía, gardas civís e militares) ou do GRAPO (secuestraban a cargos políticos e xefes militares e mataban policía)... todos estes actos terroristas tiñan como obxectivo facer fracasar a reforma, provocando ós militares para que deran un golpe de estado... Adolfo Suárez optara incluso por decretar un estado de excepción (suspensión de liberdades, para tranquilizar ós militares), pero non paralizará o proceso de reforma.

- A capacidade para organizar unha coalición electoral integrando na Unión de Centro Democrático (UCD), a múltiples personalidades e grupos políticos de orientación reformista ou centrista.

2. A INSTAURACIÓN DUN SISTEMA DEMOCRÁTICO.

2.1. AS ELECCIÓNS DEMOCRÁTICAS. (15/06/77).

Estas eleccións, que foron as primeiras desde 1936, marcaron o éxito da vía reformista e definiron un novo panorama político en España de bipartidismo imperfecto:

- Os centristas da UCD, con Adolfo Suárez, lograban case unha maioría absoluta (165 deputados).
- Os socialistas do PSOE, con Felipe González, alcanzaban un grande éxito (118 deputados).
- Os comunistas do PCE, con Santiago Carrillo, quedaban desorientados polos baixos resultados (20 deputados).
- Os franquistas da Alianza Popular, con Manuel Fraga, sofren unha severa derrota (16 deputados).
- Os nacionalistas vascos do PNV, con Arzallus, e os nacionalistas cataláns, con Jordi Pujol, lograron bos resultados.

Tras estas eleccións España pasaba a ser gobernada polos políticos centristas da UCD, que formarían goberno co presidente Adolfo Suárez.

2.2. OS GOBERNOS DA UCD.

2.2.1. O PRIMEIRO GOBERNO DA UCD (1977-1979).

Adolfo Suárez (agora ó fronte dun goberno democrático), co obxectivo de lograr a estabilidade política e social imprescindible para sentar as bases do sistema democrático, porá todo o seu empeño e habilidade en:

- a) Alcanzar acordos preautonómicos cos nacionalistas cataláns (logrará pactar o nomeamento de Josep Tarradellas como President da Generalitat) e cos nacionalistas vascos (legalizará o uso da bandeira vasca, decretará novas amnistías de presos de ETA, etc)... á espera da futura decisión que, sobre a división do territorio, tomen os deputados na Constitución: moitos continuístas, sobre todo militares, consideraron estes acordos como unha ofensa á "sagrada unidade de España".
- b) Reiniciar as negociacións coa Comunidade Económica Europea (CEE) ... á procura de recoñecemento internacional para o nacente sistema democrático e de axuda para revitalizar a economía española asfixiada polos efectos da crise de 1973: os países comunitarios atópanse máis interesados en frear os efectos da crise sobre as súas propias economías, que en facilitar o ingreso de España na CEE.
- c) Intentar un grande pacto social ... Adolfo Suárez, tras lograr reunir no palacio da Moncloa ós representantes das organizacións de empresarios, dos sindicatos e dos partidos políticos, consegue que todos se poñan de acordo en recoñecer que España pasa por unha grave crise económica e en que resulta imprescindible alcanzar un "consenso" sobre as medidas a tomar para reducir os seus efectos. Froito das discusións foron as medidas coñecidas como os **Pactos da Moncloa**:
 - Combater a inflación desorbitada dos prezos ... os empresarios e traballadores comprométese a pactar subidas salariais anuais en relación coa inflación prevista polo goberno.
 - Apoiar ás empresas en crise ... o goberno daría facilidades para o peche de fábricas ou para a compra polo INI.
 - Axudar ós afectados polo galopante desemprego .. o goberno comprometéase a ofrecer un subsidio ás persoas en paro.
 - Reducir o déficit exterior ... o goberno, ademais da recente depreciación da peseta, favorecería ás empresas exportadoras.
 - Controlar o gasto do Estado ... o goberno comprometéase a moderar o gasto público, especialmente da Seguridade Social.
 - Reformar a Facenda Pública.... o goberno incrementaría os impostos directos sobre a riqueza e poría medios para perseguir o fraude fiscal.
 - Fomentar as inversións nas escolas públicas... o goberno invertería na construción de escolas e na mellora do profesorado.
 - Favorecer a calma social ... os sindicatos comprometéanse a reducir o nivel de conflictividade social (folgas, ..).

Os Pactos da Moncloa foron un grande éxito de Adolfo Suárez ó lograr simultaneamente reducir entre os españois a sensación de temor ante a caída da renda e o aumento dos conflitos sociais (existía un certo paralelismo coa crise de 1929 e os conflitos da II República-Guerra Civil) e introducir entre os políticos a actitude de diálogo e consenso.

- d) Redactar un texto constitucional ... Adolfo Suárez, apoiado polos distintos líderes políticos logrará introducir nos debates sobre os distintos artigos da Constitución a técnica do consenso: acordan que só se someterá a debate e se propondrá a votación no Congreso e Senado aquelas cuestións sobre as que se logre un acordo previo nos despachos, asegurando así a aprobación por claras maiorías de todos os artigos da

constitución ... interesaba dar a impresión ós españois de que os políticos eran capaces de entenderse e elaborar un texto acorde coas ideas de todos (a costa de renunciar a recoller certos temas da Constitución e de deseñar redactados ambiguos e incluso contradictorios). A **Constitución de 1978**, aprobada o 6 de decembro nun referendo con ampla participación e altísima porcentaxe afirmativa, definía a España como un Estado Social e Democrático de Dereito, non confesional (pero con consenso de favorecer á igrexa cristiano-católica), con forma de monarquía (co consenso de renunciar a defender a posibilidade da república a cambio de aceptar o recorte de poderes do rei), dividido en Comunidades autónomas (co consenso de renunciar á defensa dun estado federalista, a cambio de aceptar un Estado Unitario composto por autonomías) e defensor dun modelo de economía mixta (co consenso de recoñecer a liberdade de mercado e, ó mesmo tempo, de aceptar o intervencionismo do estado na economía).

A constitución de 1978 converteuse na base do sistema democrático español e supuxo o recoñecemento democrático dos dereitos ó trono de Juan Carlos I.

2.2.2. O SEGUNDO GOBERNO DA UCD (1979-1981).

As novas eleccións, convocadas tras a aprobación da Constitución e celebradas en marzo de 1979, volveron a reproducir case os mesmos resultados de xuño de 1977: Adolfo Suárez, coa UCD, logrou ampla maioría para gobernar; Felipe González, co PSOE, confirmouse como posible relevo; Arzallus, Co PNV, e Pujol, con CIU, consolidáronse como líderes nacionalistas ... pero foron unhas eleccións con maior nivel de abstención, porque a xente estaba descontenta cos políticos pola inflación, o desemprego e o terrorismo.

Nesta nova etapa democrática a Adolfo Suárez resultoulle máis difícil gobernar ante os novos retos:

- Convocar e gañar as eleccións municipais de 1979 ... as eleccións municipais eran urxentes para democratizar os concellos, aínda gobernados por alcaldes nomeados durante o réxime franquista, e acabar co caciquismo local: a UCD foi o grupo máis votado, pero o PSOE e o PCE decidiron pactar e lograron as alcaldías da maioría das cidades importantes ... os “ultras” ou continuistas acusaron a Suárez de favorecer o éxito dunha nova “fronte popular”.
- Negociar o contido dos estatutos de autonomía ... Suárez logrou pactar co PNV o estatuto Vasco (facendo moitas concesións) e con CIU o estatuto catalán (sen moitos atrancos), pero a UCD logrou baixos resultados nas eleccións ós parlamentos vasco e catalán ... ademais os dirixentes da UCD en Galicia non puxeron demasiado entusiasmo en negociar un estatuto co goberno central de Suárez ..e en moitas rexións Suárez atopouse con problemas graves cos políticos do seu propio grupo, posto que uns defendían unha vía lenta e restrinxida para acceder á autonomía e outros querían unha vía rápida e igual para todos para alcanzar a autonomía (“café para todos”).
- Frear o terrorismo ... Suárez non atopaba fórmulas para reducir as actitudes terroristas de ETA (os membros de ETA non recoñecían o sistema democrático nin o estado autonómico e mataron máis xente no ano 1978 que en todo o franquismo ... o obxectivo de ETA era provocar ós militares para que fixeran un golpe de estado, o que xustificaría a súa loita contra un estado central opresor dos vascos) e dos ultras ou continuistas (os ultras non recoñecían o estado democrático e autonómico e tiñan como obxectivo provocar o golpe de estado, que restablecería o réxime franquista).
- Reducir o impacto da crise económica ... Suárez favoreceu o diálogo dos sindicatos cos empresarios, procurando que mantiveran o espírito dos Pactos da Moncloa, pero o impacto da segunda crise do petróleo de 1979 sobre a economía mundial agravou o descontento e a conflictividade social en España.
- Asinar un novo concordato co Vaticano ... o goberno logrou que o Vaticano aceptase empezar a financiarse en España a través das doacións dos fieis; pero, como os fieis non tiñan costume de pagar, Suárez tivo que acordar un longo período de tránsito en que o estado debería continuar a subvencionar os gastos do clero.

Ó longo de 1979 e 1980 o presidente Adolfo Suárez viuse acosado:

- Por as dificultades para levar adiante as reformas dos aparatos do estado: exército, policía, sistema xudicial, medios de comunicación públicos, sistema educativo ... dominados por normas e persoas con actitudes antidemocráticas.
- Polas tensións dentro da coalición UCD: os distintos líderes ou “baróns” dos grupos integrados na UCD reclamaban a Suárez máis áreas de poder no goberno e discutían as decisións dos gobernantes como no caso da pretensión de aprobar unha lei do divorcio ou da aprobación dos estatutos de autonomía.
- Polo malestar dos empresarios: moitos empresarios mostraban o seu descontento co reparto dos efectos da crise e co “insuficiente” apoio do goberno ás empresas en dificultades.
- Pola presión do clero católico: o clero pretendía lograr unha maior influencia no sistema educativo, impedir a aprobación da lei do divorcio e frear os cambios cara a unha cultura laica.
- Pola campaña de desprestixio lanzada polo PSOE: Felipe González e os socialistas desde o parlamento (moción de censura) e a través dos medios de comunicación procuran desgastar a imaxe de eficacia de Adolfo Suárez.

- Polas críticas dos inmovilistas: sobre todo dos militares, que o acusan de dividir España e de ser incapaz de acabar co terrorismo de ETA ... diversos grupos de militares veñen organizando diferentes intentonas de golpes de Estado.

Adolfo Suárez, o 19 de xaneiro de 1981, presentou na televisión a súa dimisión como xefe de goberno, provocando nos españois unha grande sorpresa, sobre todo porque o presidente dimitirá argumentando que o sistema democrático estaba en perigo.

Os militares inmovilistas aproveitaron a ocasión do aparente vacío de poder (o período de tempo en que os da UCD escollían a Leopoldo Calvo Sotelo como candidato a presidente de goberno e o Congreso se reunía para aprobar o seu nomeamento) para levar adiante un golpe de Estado.

O fracaso do golpe de estado do 23 de febreiro de 1981 (un grupo de gardas civís dirixidos polo tenente coronel Tejero tomou coas armas o congreso, con todos os deputados dentro, durante a sesión de votación da aprobación do novo presidente ... paralelamente en certos cuarteis mobilizáronse as tropas e incluso tomaron cidades como Valencia) marcou o futuro da vida política en España:

- O rei Juan Carlos logrou un grande recoñecemento dos españois, ó aparecer na televisión como xefe supremo do exército ordenando ós militares manterse na fidelidade á Constitución e repregarse ós cuarteis (non quedou moi claro se sempre estivo en desacordo co golpe e por que tardou seis horas en dirixirse ós españois).
- Os da UCD e os do PSOE pasaron a colaborar para controlar os traspasos de competencias ás autonomías (esta alianza agravou a desconfianza dos nacionalistas vascos e cataláns cos partidos españolistas).
- Os militares sufriron un forte desprestixio polas súas actitudes antidemocráticas e pola chapuza da organización e desenvolvemento do golpe de estado (os políticos aproveitaron para recalcar a necesidade dun control do poder civil sobre o poder militar e da inevitable reforma dos exércitos).
- Os estados membros da CEE apresuráronse a defender o proceso de democratización en España e pasaron a dar facilidades para acelerar as negociacións sobre o ingreso de España.

2.2.3. O TERCEIRO GOBERNO DA UCD (1981-1982).

O goberno do presidente Leopoldo Calvo Sotelo asfixiou ante:

- A crispación interna entre os líderes da UCD, grave sobre todo no momento da aprobación da Lei do divorcio ... a UCD acabou fragmentándose e o propio Adolfo Suárez optou por abandonala.
- O malestar social pola inflación e o desemprego ... agravado no caso da “síndrome tóxica” ou envelenamento de milleiros de persoas con aceite de colza adulterado.
- A presión do clero católico e dos empresarios, que pretendían aproveitar a debilidade do goberno para lograr a aprobación de medidas que beneficiasen ós seus intereses.

Calvo Sotelo, para intentar salvar a situación de descontrol, optou por asegurarse a axuda exterior negociando o ingreso de España na OTAN (contra o parecer da maioría dos políticos e dos cidadáns españois) e por adiantar a convocatoria de eleccións ... as eleccións de outubro de 1982 resultaron un rotundo fracaso para a UCD e un triunfo espectacular para o PSOE.

A CONSOLIDACIÓN DA DEMOCRACIA (1982-2002)

As eleccións xerais de outubro de 1982 provocaron un grande cambio na vida política española:

- A UCD perdía case todo o seu poder político ó pasar de 156 deputados a 12.
- O PSOE, dirixido por Felipe González, pasou a dominar o congreso cunha ampla maioría absoluta de 202 deputados.
- A Coalición Popular (antes Alianza Popular, hoxe Partido Popular), dirixida por Manuel Fraga, lograba absorber unha boa parte dos votos da fracasada coalición UCD o obter 106 deputados.
- O PCE entraba en crise política profunda.
- Os nacionalistas de CIU e PNV reafirmaban o seu poder político

O éxito político de Felipe González, ó lograr ser elixido presidente de goberno catro veces seguidas (en 1982, 1986, 1989 cos votos da maioría absoluta do PSOE e en 1993, co apoio dos votos de CIU e PNV) resultou clave para a estabilidade e consolidación do sistema democrático en España. Posto que os gobernantes socialistas aproveitaron as súas maiorías absolutas para tratar de levar adiante un programa de cambios co obxectivo de transformar a España nun Estado plenamente democrático e modernizalo.

Entre os cambios xestionados polos gobernantes socialistas cabe destacar:

- **Un profundo reaxuste da economía española...** os socialistas decidíronse a tomar medidas drásticas dirixidas a paliar os efectos das dúas crises do petróleo (1973 e 1979) e do desarrollismo franquista: *depreciaron a peseta* (para favorecer as exportacións), *reconverteron o sector industrial público* (reformaron ou pecharon numerosas empresas do sector siderúrxico, do naval e dos electrodomésticos ... favorecendo as xubilacións anticipadas ou incrementando o número de desempregados), *iniciaron a privatización das empresas do INI* (para reducir o peso do estado na economía), *expropiaron o holding de Rumasa* (para tratar de evitar que a posible quebra do conglomerado de bancos e empresas controlado por Ruíz Mateos puidese provocar miles de desempregados), *apoiaron o saneamento e fusión dos bancos* (usando diñeiro público para impedir a quebra de bancos), *flexibilizaron o mercado de traballo* (creando novas normas laborais que facilitaban os despedidos), *deseñaron programas de promoción de emprego* (coñecidos como “contratos basura”) ... este reaxuste da economía favoreceu ós empresarios e incrementou o número de parados (existía un crecente número de mozos e mulleres demandando un posto de traballo) ... provocou un grande aumento do malestar entre os traballadores que, dirixidos pola UXT e CCOO protestaron contra os gobernantes socialistas acusándoos de traizoar ós seus votantes (producíronse varias folgas xerais)... o grande éxito do reaxuste foi o descenso da inflación e o grande fracaso resultou ser o aumento do desemprego e o descenso do salario real dos traballadores.
- **Unha reforma fiscal** ... os socialistas lograron impoñer un novo modelo fiscal con base no imposto directo sobre a Renda Das Persoas Físicas (IRPF) e no imposto indirecto sobre o Valor Engadido (IVE) e reforzaron a inspección fiscal co obxectivo de perseguir o fraude ... lograron incrementar os ingresos públicos, o que lles permitiu crear infraestructuras e mellorar os servizos públicos.
- **Unha reforma educativa** ... impulsaron a reforma integral do sistema educativo coa aprobación de varias leis claves: Lei de Reforma Universitaria (LRU), Lei Orgánica do Dereito a Educación (LODE) e Lei Orgánica Xeral do Sistema Educativo (LOXSE) ... estas leis provocaron un especial malestar no ensino privado controlado polo clero ... hoxe atópanse en proceso de revisión polo goberno do PP.
- **Unha reforma militar** ... o ministro de Defensa, Narcis Serra, aproveitou o desprestixio dos militares inmovilistas, para plantear unha reorganización política e militar dos tres exércitos ... o obxectivo era modernizar e democratizar o exército incrementando o control do poder civil sobre os militares.
- **Unha reforma da sanidade** ... ampliaron a cobertura sanitaria a todos os españois e aumentaron as prestacións sociais (pensións, subsidios, etc).
- **Unha reforma das infraestructuras** ... realizaron amplas inversións na rede de autovías e autoestradas e introduciron o tren de alta velocidade (AVE).

Pero sobre todo o éxito de Felipe González estivo en redefinir as relacións exteriores e incrementar o prestixio de España, especialmente:

- **Rectificando a súa posición anti-OTAN** e, tras convencer ós militantes socialistas a a grande parte dos españois, planteando e gañando o referendo para permanecer na OTAN de 1984.
- **Acelerando as negociacións para o ingreso de España nas Comunidades Europeas** ... o Tratado de Adhesión de España a CEE de 1985 e a incorporación en 1986 foi un grande éxito político dos socialistas ... pero tamén un lastre para certos sectores económicos españois, posto que para lograr acelerar o proceso os socialistas fixeron excesivas concesións os estados da CEE en agricultura, industria e pesca.
- **Mostrando ó mundo a modernización e eficacia de España** ...na organización simultánea dos xogos olímpicos de Barcelona e da Exposición Universal de Sevilla, no ano 1992.

Estas reformas cambiaron a imaxe de España e os españois, pero a xestión dos gobernos socialistas foi acumulando certos aspectos negativos graves:

- **O rexeitamento crecente da política económica polos sindicatos** ... a UXT e CCOO optaron por convocar folgas xerais contra as medidas económicas dos gobernos socialistas.
- **O fracaso dos intentos de debilitar a ETA** ... a oferta de reinserción social a presos de ETA, o pacto de Ajuria Enea contra a violencia terrorista, as conversas coa dirección de ETA en Arxel, a colaboración francesa na loita antiterrorista e o recurso ó terrorismo de Estado usando ós mercenarios do GAL (caso GAL) para asasinar a membros de ETA ... non impediron o incremento dos atentados e secuestros cada vez máis indiscriminados e brutais.
- **A corrupción política** os socialistas caeron no vértigo do tráfico de influencias (usar información privilexiada para arriquecerse ou beneficiar a outros), na busca de financiamento ilegal do PSOE (creando un entramado de empresas, “caso Filesa”, co obxectivo recadar cartos das grandes empresas por servizos inexistentes), na desviación de fondos reservados destinados á loita antiterrorista (altos cargos do ministerio do interior outorgaron sobresoldos ou desviaron fondos ás súas contas privadas, caso “Roldán”).

Despois de máis de dez anos de gobernos socialistas con maioría absoluta no Parlamento, en 1993 o PSOE afrontou as eleccións xerais cun alto risco de perdelas ante o Partido Popular, liderado por José María Aznar ... os políticos do PP fixeron unha campaña baseada na denuncia do tráfico de influencias, dos fracasos antiterroristas e da corrupción política e os políticos do PSOE defenderon a súa posición amparados no prestixio de Felipe González: Felipe González centrou a campaña en convencer ós españois de que votar ó PP era votar o regreso do pasado franquista e de que el se comprometía a acabar coa corrupción política ... o PSOE logrou unha maioría suficiente para gobernar, co apoio puntual no Parlamento do PNV e CIU.

O cuarto goberno socialista atopouse con múltiples dificultades:

- Un novo rebrote da crise económica internacional (ligado ó fin da Guerra Fría, ó desmembramento da URSS, á Guerra do Golfo,).
- As tensións entre os distintos dirixentes do PSOE.
- O agravamento do descontento da poboación polos sacrificios que impuña o Tratado da Unión Europea (Mastrich).
- A presión xudicial e dos medios de comunicación sobre os escándalos financeiros, a corrupción e o terrorismo de estado.
- A ameaza constante do PNV e CIU de retirar o apoio ós socialistas no Parlamento.
- O desgaste constante do prestixio de Felipe González por parte do PP.

Nas eleccións de 1996 o triunfo do PP, dirixido por Aznar, era algo esperado ... pero tres circunstancias imprevistas complicaron o primeiro goberno de Aznar:

- O Partido Popular, con 159 deputados, quedou lonxe de lograr unha maioría absoluta.
- O PSOE, con 141 deputados, sufriu unha derrota moi suave.
- Arzallus, dirixindo ó PNV, e Jordi Pujol, á fronte de CIU, tomaron a decisión de aceptar a oferta de alianza que lles ofrecía Aznar ... a cambio de numerosas concesións na ampliación de competencias das autonomías vasca e catalana.

Nas eleccións de 2000 produciuse a sorpresa:

- O PP non só non perdía votos por colaborar cos nacionalistas, senón que alcanzaba unha maioría absoluta... o que lle permitía a Aznar gobernar sen depender dos pactos con PNV e CIU.
- O PSOE, sen Felipe González, sufría un forte retroceso electoral.

Os gobernos do PP veñen centrando a súa actividade en introducir medidas liberalizadoras do mercado, privatizar as empresas públicas, liberalizar os contratos de traballo, reformar o sistema educativo, recortar poder político ós nacionalistas vascos e cataláns ... como todos os partidos gobernantes, o PP está a sufrir o acoso da oposición por casos de corrupción e por prepotencia parlamentaria ... a decisión de Aznar de non participar en futuras eleccións como candidato a presidente de goberno abre un certo grao de incerteza sobre se o novo candidato estará en condicións de repetir maioría absoluta ou incluso de impoñerse ó PSOE, hoxe en proceso de recomposición liderado por Rodríguez Zapatero.